

O proceso de concentración parcelaria para a zona de **PERDECANAI – BARRO II (BARRO-PONTEVEDRA)** foi declarado de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 267/2001, do 20 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 200, do 16.10.2001.

As Bases Definitivas foron aprobadas pola Xunta Local na súa reunión do 05.09.2012, notificándose e publicándose na forma legalmente prevista, estando pendente de declaración de firmeza.

Con data 08.08.2024, o Concello de Barro remite escrito polo que solicita á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural a inclusión do núcleo rural de Monllo, pertencente á parroquia de Barro, na referida zona de concentración parcelaria.

Na disposición transitoria segunda, a Lei 4/2015 do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, establece que, sempre e cando, no momento da entrada en vigor da norma, o procedemento non acadase a fase de acordo de concentración parcelaria, poderán ser incluídos aqueles terreos que por mor da súa clasificación urbanística, non formasen parte del ou, séndoo, fosen excluídos.

Coa inclusión no proceso de concentración dos terreos do núcleo rural de Monllo, desaparecen as causas que motivaron a non inclusión ou exclusión no proceso das parcelas clasificadas total ou parcialmente como de solo rústico, que se relacionan no anexo 1 e das que neste momento se propón a súa inclusión co fin de evitar irregularidades e enclavados e que queden terreos rústicos sen concentrar.

VISTOS, o informe técnico emitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei galega 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, ao amparo da lexislación vixente, **RESOLVE** modificar as Bases Definitivas da zona de Perdecanaí-Barro II (Barro, Pontevedra) no senso de incluír no seu perímetro o núcleo rural de Monllo así como as parcelas que figuran no Anexo I.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera





ANEXO I

RELACIÓN DE PARCELAS QUE CAUSAN ALTA NO EXPEDIENTE

POLÍGONO	PARCELA	SUBPARCELA
4	66	-
4	76	-
4	77	-
4	78	-
4	79	-
4	88	1
4	89	-
4	92	-
4	93	-
4	94	-
4	95	-
4	96	-
4	99	-
4	100	1
4	100	2
4	101	-
4	104	-
4	107	-
4	108	-
4	109	1
4	109	2
4	112	1
4	113	-
4	114	-
4	115	1
4	116	-
4	117	1
4	117	2
4	118	-
4	119	-
4	120	1
4	121	1
4	121	2
4	121	3
4	122	-
4	123	-
4	124	-
4	125	-
4	126	-
4	127	-
4	128	-
4	129	-





4	130	-
4	131	-
POLÍGONO	PARCELA	SUBPARCELA
4	132	-
4	133	-
4	134	-
4	135	-
4	138	1
4	138	2
4	139	-
4	141	1
4	142	-
4	143	-
4	146	-
4	147	-
4	335	-
4	336	-
4	338	-
4	339	-
4	340	-
4	341	-
4	452	2
4	463	2
4	470	1